

EXPTE. 12L/2015 - TERRA DE SANXENXO: SERVIZO DO PROGRAMA PAIFILLONAI 2015"

## RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DO O.A. TERRA DE SANXENXO

Vista a proposta da concellería de Benestar social, educación e normalización lingüística de data 30/06/2015, que a continuación se transcribe:

“Á vista da proposta da concellería de Servicios Sociais, Xuventude e Deportes en funcións de incoación do expediente de contratación e de retención do crédito necesario para o financiamento do servizo de referencia, así como de solicitude á mercantil “Praxe e Ocio SL” da documentación precisa para a prestación do servizo, de data 12 de maio de 2015.

Visto o documento “RC” de retención de crédito de importe 3.000,00 Euros, para o financiamento do servizo do “Programa Paifillonai 2015”, a cargo da aplicación do presuposto separado do Organismo Autónomo “Terra de Sanxenxo” 23104 / 22608, asinado polo Interventor Municipal o 3 de xuño de 2015.

Presentada no Rexistro Xeral do Concello de Sanxenxo, a documentación requerida á empresa “Praxe e Ocio SL”, en data 30 de xuño de 2015 (entrada nº 6585), **esta concellería propón:**

**Adxudicar a prestación do servizo do “PROGRAMA PAIFILLONAI 2015” á empresa “PRAXE E OCIO SLU”, de acordo á oferta presentada, polo importe de DEZASETE MIL SETECENTOS VINTE E NOVE CON OITENTA (17.729,80 €) EUROS (sen IVE), e un prazo de duración de DOUS (2) MESES (XULLO E AGOSTO 2015).”**-----

**Esta alcaldía, resolve:**

**Primeiro: Adxudicar a prestación do servizo do “PROGRAMA PAIFILLONAI 2015” á empresa “PRAXE E OCIO SLU”, de acordo á oferta presentada, polo importe de DEZASETE MIL SETECENTOS VINTE E NOVE CON OITENTA (17.729,80 €) EUROS (sen IVE), e un prazo de duración de DOUS (2) MESES (XULLO E AGOSTO 2015).**

**Segundo: Aprobar o gasto, con cargo á partida do presuposto separado do Organismo Autónomo “Terra de Sanxenxo” 23104 / 22608 por un importe de TRES MIL (3.000,00) Euros (con IVE).**

Dada en Sanxenxo 30 de xuño de dous mil quince .

O presidente

Gonzalo Gonzalo Pita

ante min, secretario de “Terra de Sanxenxo”

Ángel Luis López Pita